

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos de vías provinciais, LU P-3906 (PQ:0+000-1+450) e LU P-3908 (PQ:0+000-1+080) a prol do Concello de Outeiro de Rei.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.
- Decreto polo que se declara o 2011 como Ano da Música de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020.
- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do proxecto sectorial para a implantación dunha plataforma loxística-industrial (PLISAN) no solo delimitado nos concellos de Salvaterra do Miño e As Neves.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial rede posición I-015.1-Arteixo (Rev.3) (concellos de Culleredo e Arteixo (A Coruña)) como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto reformado do modificado ao parque eólico Pena Ventosa (concellos do Vicedo e Orol (Lugo)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza ao *Igape* a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de 5 anos na concesión dun aval por importe máximo de oito millóns cento vinte e tres mil euros (8.123.000 €) a *Paquito, S.L.* Expediente nº AV/0687.

### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas, en materia de xuventude, para a coordinación das súas actividades e instalacións, de conformidade co disposto no artigo 4.8 da Lei 1/1983, o 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se dá cumprimento ás previsións do Plan de avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia respecto das fundacións para o desenvolvemento das comarcas.
- Acordo polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para o ano 2011.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación continua da Escola Galega de Administración Pública-EGAP, para o persoal da Administración autonómica de Galicia para o ano 2011.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe de precipitación e refacho máximo dos días 4 ao 8 de xaneiro de 2011.

---

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a entrada en vigor da Lei 12/2010 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia e a aprobación do Catalogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a situación da gripe estacional en Galicia.
- Informe sobre o convenio de colaboración asinado entre o Servizo Galego de Saúde, MUFACE, ISFAS e MUXEXU, para a prestación en zonas rurais de servizos sanitarios aos mutualistas e demais beneficiarios adscritos a entidades de seguro de asistencia concertada coas ditas mutualidades.

---

## A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE 2,5 KM DE ESTRADAS PROVINCIAIS A PROL DO CONCELLO LUCENSE DE OUTEIRO DE REI

- *Trátase de dous tramos situados entre os núcleos de Bonxe e Rozas e Ramil e Martul*
- *Os dous treitos discorren integramente polo núcleo urbano de Outeiro de Rei conformando unha rúa do dito lugar con beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizos urbanos*
- *O concello, a partir da formalización da entrega, farase cargo de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade de dous tramos das estradas provinciais LU P-3906 e LU P-3908 a prol do concello lucense de Outeiro de Rei, na provincia de Lugo.

Na estrada LU P-3906, de Bonxe a Rozas, transfírese o treito que vai desde o punto quilométrico (pq) 0+000 ao 1+450, coincidente co final de recinto da prisión de Bonxe e correspondendo ao punto de intersección coa vía municipal da Veiga por Monte Vello. Na LU P- 3908, de Ramil por Martul á LU P-2905 (As Carballeira-Vilalvite), o treito obxecto da cesión sitúase entre os pq 0+000 e 1+080. Os dous tramos, que discorren integramente polo núcleo urbano de Outeiro de Rei, e conforman unha rúa do dito lugar con beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizos urbanos, suman preto de 2,5 quilómetros.

O Concello de Outeiro de Rei, a partir da formalización da entrega, farase cargo de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía así como o exercicio das funcións de disciplina viaria. O municipio deberá incorporar ao seu Plan de Estradas as vías a que se refire este decreto.

### **Cesión regulada**

Segundo se recolle no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería con competencias na materia e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outro lado, a Lei de estradas no seu artigo 54 establece que as estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características netamente urbanas, entregaránselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou administración titular da estrada

---

e será resolto polo Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes no que se especifica que as vías adquiren características netamente urbanas, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE DESENVOLVE A NOVA DIRECCIÓN XERAL DO LIBRO, BIBLIOTECAS E ARQUIVOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- *A estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo modifícase para adecuarse á importancia estratéxica do sector do libro en Galicia.*
- *A creación da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos servirá para responder aos retos tecnolóxicos do sector e potenciar os sistemas bibliográficos e documentais de Galicia, que terán a súa cabeceira na Biblioteca e no Arquivo da Cidade da Cultura*
- *A Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos encargarse das políticas de promoción das letras galegas, do libro e da lectura.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo e se establecen as funcións da nova Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos. Co obxectivo de adecuarse á importancia estratéxica do sector do libro en Galicia, a creación da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos permitirá habilitar mecanismos administrativos eficientes e eficaces que respondan aos retos tecnolóxicos que se presentan neste ámbito.

A nova dirección xeral incorporará tamén a totalidade das liñas de actuación relacionadas cos centros bibliográficos e documentais de Galicia, potenciando e desenvolvendo os sistemas de bibliotecas e arquivos dos que serán cabeceiras e centros de referencia a Biblioteca e o Arquivo da Cidade da Cultura.

En virtude do decreto aprobado hoxe, a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos encargarse das políticas de promoción das letras galegas, do libro e da lectura.

Entre as funcións da nova Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, que substitúe á anterior Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, atópanse:

- O apoio á produción editorial e elaboración de plans respecto da política do libro, de acordo coas necesidades culturais de Galicia.
- O estímulo da creación literaria.
- As autorizacións para a realización de feiras e exposicións do libro e do material bibliográfico.

- 
- A dirección da Biblioteca de Galicia (Centro Superior Bibliográfico de Galicia) e do Arquivo de Galicia.
  - A tramitación dos procedementos de creación de novas bibliotecas ou servizos bibliotecarios, dos seus regulamentos e concertos e a organización de cursos de formación nesta materia.
  - A orientación do servizo público da lectura para difundir a cultura por medio do libro e dos soportes virtuais relacionados coas novas tecnoloxías da información.
  - A execución da lexislación sobre propiedade intelectual e a xestión das competencias da Comunidade Autónoma en materia de depósito legal.
  - A dirección de todas as actuacións dirixidas a velar pola conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio documental de Galicia, especialmente a través dos arquivos.
  - A organización e colaboración nas exposicións, congresos, coloquios e cursos de formación, así como a convocatoria de bolsas e axudas, e a preparación de convenios sobre as materias que sexan competencia da dirección xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo engloba esta modificación estrutural na procura dunha maior eficiencia na xestión, co obxectivo de clarificar as competencias e funcións de cada entidade, evitando duplicidades e solapamentos nas funcións asignadas. Deste xeito, a Axencia Galega das Industrias Culturais asumirá dentro das súas competencias aquelas funcións relativas á programación de actividades culturais que estaba a desempeñar a extinta Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

---

## O CONSELLO DA XUNTA DECLARA O 2011 'ANO DA MÚSICA DE GALICIA' POLA SÚA IMPORTANCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CULTURA GALEGA

- *A Xunta de Galicia amosa deste xeito o seu compromiso co gran arraigo que a música ten en Galicia e que fai que parte dos nosos artistas sexan auténticos embaixadores da nosa cultura*

O Consello da Xunta declarou o 2011 'Ano da Música de Galicia', co obxectivo de potenciar a creación musical e as industrias culturais galegas. A Xunta de Galicia reconece así o carácter estratéxico e prioritario do sector da música como vehículo para a promoción e divulgación da cultura, historia e da lingua de Galicia. A música é a máis universal das linguaxes e, desde a máis remota antigüidade, ocupou un lugar preferente en todas as culturas. É unha arte transversal, que forma parte do diario das nosas vidas, acompañando, ás veces de forma inconsciente, gran parte doutros produtos de entretemento.

Esta declaración institucional da Xunta de Galicia, que continúa a liña iniciada en 2010 coa declaración do 'Ano do Libro e da Lectura de Galicia', ten como finalidade potenciar as diferentes áreas culturais galegas a través da promoción e o estímulo dos nosos artistas tanto na propia Comunidade Autónoma como no exterior, impulsar o desenvolvemento de empresas que producen bens e servizos culturais e fomentar o intercambio cultural.

As institucións públicas galegas, os centros de ensino, as asociacións e federacións culturais dependentes da Xunta de Galicia dedicarán unha parte da súa actividade a pór de relevo esta manifestación contribuíndo con iso, ao recoñecemento da música como instrumento para a promoción e a divulgación da cultura galega. A Consellería de Cultura e Turismo é consciente do valor estratéxico da música, polo que invita a todos os galegos a participar nos distintos actos de promoción que se realizarán durante este ano 2011.

O grande arraigo que, de xeito histórico, ten a música en Galicia, fai que parte dos nosos artistas sexan auténticos embaixadores da nosa cultura fóra das nosas fronteiras. Así mesmo, a música ten un grande peso dentro das industrias culturais galegas, e crea un gran número de postos de traballo, así como unha gran masa de músicos afeccionados, bandas de música, de gaitas, e agrupacións de música tradicional.



---

Por estes motivos, considérase fundamental para a cultura galega aproveitar o ano 2011 para plasmar a importancia que a música ten para o seu desenvolvemento e para o impulso das súas industrias culturais.

---

## GALICIA ESTABLECE A SÚA NOVA ESTRATEXIA PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS CUNHA FORTE APOSTA POLA RECICLAXE E A REDUCIÓN DO LIXO QUE SE DEPOSITA EN VERTEDOIRO

- *O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe aprobou de xeito definitivo o novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia no que se definen os obxectivos para a vixente década*
- *O Goberno galego pretende lograr que en 2020 se produza un 10% menos de residuos que na actualidade, e incrementar a reciclaxe dos residuos ata un 30% do total dos RSU, fronte ao 10% actual*
- *A porcentaxe de residuos que se depositan en vertedoiro pasará do 53% actual ao 24% en 2020*
- *A chamada estratexia das tres R (redución, reutilización, reciclaxe) complementarase coa valorización enerxética a través da actual planta de SOGAMA en Cerceda e o novo Complexo de Tratamento de Residuos Urbanos do Sur*
- *Construiranse 8 plantas de compostaxe con capacidade para tratar cerca de 100.000 toneladas de fracción orgánica de residuos, cun investimento de 92 millóns de euros*
- *O desenvolvemento das estratexias previstas suporá mobilizar investimentos por un importe superior aos 500 millóns de euros ata o ano 2020*

O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe aprobou de xeito definitivo o novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia no que se definen as estratexias en materia de RSU para a vixente década, para dar resposta ás exixencias comunitarias sobre prevención da xeración de residuos e o fomento da reutilización, a reciclaxe e a recuperación.

Con este plan, que estará en vigor ata o ano 2020, o Goberno galego establece obxectivos ambiciosos e realistas para acadar un modelo de xestión sustentable e reducir as súas repercusións ambientais.

O documento formula tres grandes retos:

- En primeiro lugar, estabilizar a produción de lixo no período 2014-2017) e lograr que en 2020 a poboación galega produza un 10% menos de RSU respecto dos 1,2 millóns de toneladas que se xeran na actualidade (1,216 quilos por habitante/día).
- En segundo lugar, preténdese diminuír progresivamente os residuos que van parar a vertedoiros ata lograr que en 2015 o 100% do lixo que se xera en Galicia se

trate correctamente. Isto supón que mentres na actualidade se leva a vertedoiros controlados o 53% dos RSU xerados, o obxectivo é reducir a porcentaxe ata o 24%, depositando só aqueles residuos que non poden ser valorizados, basicamente rexeitamentos non combustibles, cinzas e escouras procedentes da valorización.

- O terceiro gran eixe da nova política de residuos será o incremento da reutilización e a reciclaxe dos residuos ata un 30% do total dos residuos sólidos xerados, fronte ao 10% actual. Este obxectivo lograrase mediante a valorización material do 25% da materia orgánica (fundamentalmente a través da compostaxe), o 60% do vidro, o 50% do papel e cartón e o 50% dos envases lixeiros.

Pala lograr estes obxectivos establécense un total de 10 liñas estratéxicas de actuación, que implicarán a mobilización de 510 millóns de euros. O plan prevé a implicación da poboación galega como paso fundamental para o incremento da reutilización e a reciclaxe. Por este motivo, a Administración Autonómica fará un especial esforzo por concienciar toda a sociedade e incrementar o coñecemento dos cidadáns respecto do sistema.

Liña estratéxica	Concepto	Total (€)
<b>1. Plan de comunicación e información ambiental</b>	Actuacións directas de comunicación	16.622.750
	Axudas e subvencións	2.200.000
	Formación e outros	1.100.000
	<b>TOTAL</b>	<b>19.922.750</b>
<b>2. Plan de prevención de residuos</b>	Liñas de apoio técnico e axudas económicas	6.600.000
	Actuacións de prevención e reutilización	3.064.592
	Formación e outros	1.687.500
	<b>TOTAL</b>	<b>11.352.092</b>
<b>3. Fomento da recollida selectiva de orgánicos</b>	Mellora das recollidas actuais	2.000.000
	Axudas á implantación	16.500.000
	Seguimento	1.800.000
	<b>TOTAL</b>	<b>20.300.000</b>
<b>4. Plan de fomento da recollida selectiva de fracción envases</b>	Accións de mellora e incremento da recollida selectiva	2.000.000
	Fomento da recollida nas zonas específicas	500.000
	Instrumentos de avaliación	300.000
	<b>TOTAL</b>	<b>2.800.000</b>
<b>5. Fomento da prevención e a recollida selectiva da fracción "outros"</b>	Fomento recollida selectiva de voluminosos e RAEE	2.576.000
	Fomento de recollidas específicas	2.000.000
	<b>TOTAL</b>	<b>4.576.000</b>
<b>6. Plan de ampliación e mellora de puntos limpos</b>	Construción de novos puntos limpos	12.715.000
	Formación e asesoramento	1.377.092
	Outras actuacións de mellora	7.085.000
	<b>TOTAL</b>	<b>21.177.092</b>
<b>7. Ambientalización da Administración</b>	Promoción da compra verde pública	500.000
	Fomento da prevención e a recollida	1.250.000
	Outras actuacións	1.000.000

Liña estratéxica	Concepto	Total (€)
	<b>TOTAL</b>	<b>2.750.000</b>
<b>8.Incremento da planificación territorial e impulso de novos instrumentos</b>	Asesoramento	500.000
	Axudas para a redacción de plans territoriais	1.800.000
	<b>TOTAL</b>	<b>2.300.000</b>
<b>9.Planificación da Rede de Plantas de Tratamento</b>	Melloras de plantas existentes	59.000.000
	Novas plantas para o tratamento de Resto	230.000.000
	Novas plantas para o tratamento de envases	19.600.000
	Novas plantas para o tratamento de FORSU	98.600.000
	Outros: ampliación plantas de transferencia, selaxe vertedoiros, verteduras incontroladas	10.492.877
	<b>TOTAL</b>	<b>417.692.877</b>
<b>10.Potenciación do mercado de reciclaxe e do compost</b>	Promoción do compost	2.000.000
	Fomento do mercado da reciclaxe	2.000.000
	I+D	3.000.000
	<b>TOTAL</b>	<b>7.000.000</b>
<b>TOTAL PXRUG 2010-2020</b>		<b>509.870.811</b>

A chamada estratexia das tres R (redución, reutilización, reciclaxe) complementarase coa valorización enerxética a través da actual planta de SOGAMA en Cerceda e o novo Complexo de Tratamento de Residuos Urbanos do Sur. Este último estará destinado a xestionar a fracción de residuos que non pode ser absorbida polo Complexo Ambiental de Cerceda, tratando a maior parte dos residuos xerados no sur de Galicia.

Os complexos do norte e do sur, xunto coa mellora e potenciación das plantas de tratamento existentes (Nostián, Barbanza e O Morrazo) e a construción de 8 novas plantas de compostaxe, así como o incremento da reciclaxe e da redución, permitirán que Galicia dispoña dun sistema de tratamento de RSU punteiro e un dos mais modernos de Europa.

Cabe salientar que os sistemas complementarios de xestión de residuos urbanos son os máis exitosos na Comunidade Europea, de xeito que os países que mais valorizan enerxeticamente son os que máis reciclan e os que menos cantidade de residuos elimina en vertedoiro.

Na actualidade SOGAMA leva a vertedoiro un 51% dos residuos que non é capaz de tratar e Nostián o 66%, unha situación insostible ambientalmente.

Escenario actual 2009	Escenario PXRUG 2020	% Variación
-----------------------	----------------------	-------------

Xeración RSU (Kg/hab/día)	1,216	1,094	-10,03%
Valorización material total (Reciclaxe)	10%	34%	230,10%
Residuos a vertedoiro	53%	24%	-45,2%
Aforro enerxético por reciclaxe (Gwh)	-1.050.786	-3.001.135	185,61%
Litros combustible transportes	2.746.151	1.543.884	-43,78%
CO2 equivalente transporte	8.572,35	4.819,37	-43,78%
CO2 equivalente valorización enerxética + vertedoiros	722.844	347.004	-51,99%
Capacidade compostaxe (tm/ano)	49.200	237.000	381,71%

### Rede de infraestruturas

O investimento específico na planificación da rede de infraestruturas previstas no plan ascende a 417,6 millóns de euros, dos que 358,6 se destinarán a novas plantas de tratamento (compostaxe e nova planta do sur) e os 59 millóns restantes á mellora da capacidade das plantas existentes.

Desta cantidade, o Complexo de Tratamento de Residuos Urbanos do Sur suporá 244,8 millóns de euros, pois contará cunha planta de valorización enerxética e unha planta de compostaxe, ademais dunha planta de selección de envases e outra de selección mecánica autorizada.

Galicia disporá de 8 novas plantas de compostaxe, nas que se investirán 81,5 millóns de euros. Ademais da referida planta de compostaxe no complexo do sur, que implicará 22 millóns de euros de investimento, construírase outra en SOGAMA por un importe de 13 millóns de euros, e outras seis en localización por determinar que suman un orzamento de 46,5 millóns de euros. A isto hai que engadir outros 11,4 millóns en plantas locais e miniplantas, polo que a aposta da Xunta de Galicia pola compostaxe ascenderá a máis de 92 millóns de euros.

### Información pública

O documento estivo exposto a información pública durante 45 días, desde finais do mes de maio de 2010. Durante o dito período de participación presentáronse 68 alegacións relativas a diversas cuestións, a maior parte relacionadas coa valorización enerxética, modelos de xestión, financiamento, relacións entre administracións implicadas e algunha puntualización respecto dos principios e obxectivos do plan.

---

Por tipoloxía, os concellos, grupos políticos e asociacións ecoloxistas foron os máis participativos. Das alegacións recibidas, estimouse a consideración de varios aspectos entre os que se inclúe:

- Aplicar o principio de “quen contamina paga e ademais repara”.
- Aclarar aspectos no tocante aos obxectivos de valorización material de envases lixeiros, diferenciando entre envases de plástico e metálicos.
- Aclarar a definición de materia orgánica e a xestión dos alimentos envasados e caducados.
- Engadir referencias en canto á integración paisaxística das infraestruturas, incluíndo tamén os puntos limpos.
- Ampliar a promoción de acordos entre os comercios de proximidade para a recollida da fracción outros, aos colexios e empresas.
- Aclarar a xestión dos residuos de obras menores.
- Engadir o fomento das achegas de medicamentos aos sistemas de recollida habilitados para iso.
- Adoptar indicadores para o cumprimento da xerarquía e de seguimento da prevención, condicionados a que resulten representativos e viables para a súa aplicación no seguimento do plan.
- Engadir no documento do ISA os obxectivos ambientais en relación aos recursos hídricos.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBOU DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DA PLISAN, QUE DÁ CUMPRIMENTO Á RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL SUPREMO

- *Exclúense do ámbito da Plataforma Loxística os terreos clasificados como de especial protección forestal*
- *O ámbito da PLISAN pasa dos 4.196.167 metros cadrados previstos inicialmente aos 3.091.429,90 metros cadrados que recolle a modificación do proxecto sectorial*

O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe aprobou definitivamente a modificación puntual do proxecto sectorial para a implantación da plataforma loxística-industrial de Salvaterra-As Neves (PLISAN) no solo delimitado nos concellos pontevedreses de Salvaterra de Miño e As Neves. Coa modificación do proxecto sectorial dáse cumprimento á resolución do 7 de xuño de 2010 da Sección 5ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.

En cumprimento da dita sentenza, exclúense do ámbito da PLISAN os terreos clasificados como solo non urbanizable de especial protección forestal.

O ámbito da PLISAN pasas dos 4.196.167 metros cadrados previstos inicialmente aos 3.091.429,90 metros cadrados que recolle a modificación do proxecto sectorial, cos seguintes usos:

ZONIFICACIÓN				SUPERFICIE	%
USO LUCRATIVO	USO INDUSTRIAL	Centro Intermodal	Total cuarteirón CI	316.218,00	
		Loxística intermodal	Total cuarteirón LI	209.406,00	
		Loxística e de transformación-A	Total cuarteirón LT-A	279.164,00	
		Loxística e de transformación-B	Total cuarteirón LT-B	337.425,00	
		Loxística e de transformación-C	Total cuarteirón LT-C	92.898,00	
		Loxístico empresarial	Total cuarteirón LE	412.509,00	
	USO TERCIARIO	Centro de servizos	Total cuarteirón CS	33.824,00	
	<b>TOTAL</b>			<b>1.681.444,00</b>	54,39%
REDE VIARIA E APARCAMENTO ASOCIADO	SISTEMA XERAL VIARIO, INFRAESTRUTURAS E PAISAXE	Viario		151.477,00	
		Zonas verdes de S.G		157.460,00	
		Total SG		308.937,00	
	VIARIO INTERIOR SERVIZO A			317.542,00	

	PARCELAS				
	<b>TOTAL</b>			<b>626.479,00</b>	20,27%
APARCAMENTO EN PARCELAS				<b>147.063,00</b>	4,76%
SISTEMA DE ESPAZOS PÚBLICOS DE DOMINIO E USO PÚBLICO	ZONA VERDE COMPUTABLE			343.522,00	
	ZONA VERDE NON COMPUTABLE			105.871,90	
	<b>TOTAL</b>			<b>449.393,90</b>	14,54%
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	EQUIP-1			65.860,00	
	<b>TOTAL</b>			<b>65.860,00</b>	
RESERVA VIARIA				<b>14.085,00</b>	0,45%
PARCELA DE SERVICIOS	PARCELA DE Z SERVICIOS PS-1			54.750,00	
	PARCELA DE SERVICIOS PS-2			12.001,00	
	PARCELA DE SERVICIOS PS-3			8.920,00	
	PARCELA DE SERVICIOS PS-4			6.569,00	
	<b>TOTAL</b>			<b>82.240,00</b>	2,66%
DOMINIO PÚBLICO FERROVIARIO				<b>24.865,00</b>	0,80%
TOTAL SUPERFICIE ORDENADA				<b>3.091.429,90</b>	100,00%

A aprobación definitiva da modificación do proxecto sectorial da PLISAN foi precedida dun período de exposición pública deste, así como audiencias aos concellos de Salvaterra de Miño e As Neves e os preceptivos informes da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Dirección Xeral de Montes, Unidade de Estradas na Coruña da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, Dirección Xeral de Infraestruturas, Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, Augas de Galicia e Dirección Xeral de Conservación da Natureza.



---

## A XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO GASODUTO DE ARTEIXO

- *Esta infraestrutura reforzará a rede gasista do noroeste de España, ao tempo que flexibilizará e mellorará a seguridade do conxunto da rede básica de gasodutos*
- *O gasoduto transcorre integramente polo concello de Arteixo e terá unha lonxitude de 1.149 m*
- *Esta actuación enmárcase no desenvolvemento da política gasista da Xunta de Galicia, baseada nunha decidida aposta polo gas natural*
- *A Consellería de Economía e Industria duplicou o orzamento para a gasificación, co fin de incrementar o índice de penetración do gas natural na nosa cidadanía*

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do gasoduto de transporte secundario denominado "Rede Posición I-0.15.1-Arteixo", que afecta o termo municipal de Arteixo.

O desenvolvemento desta infraestrutura suporá un investimento próximo ao medio millón de euros e reforzará a rede gasista do noroeste de España, ao tempo que flexibilizará e mellorará a seguridade do conxunto da rede básica de gasodutos, ademais de actuar como motor de atracción de investimentos e xeración de emprego da zona.

Trátase dun gasoduto de transporte secundario promovido pola empresa Gas Natural Transporte SDG, S.L., que transcorre integramente polo concello de Arteixo e terá unha lonxitude de 1.149 m.

Esta actuación enmárcase no desenvolvemento da política gasista da Xunta de Galicia, baseada nunha decidida aposta polo gas natural. Deste xeito a Consellería de Economía e Industria duplicou o orzamento para a gasificación, co fin de incrementar o índice de penetración do gas natural na nosa cidadanía.

Con esta finalidade os créditos destinados aos plans de gasificación en Galicia increméntanse para o ano 2011 nun 69,10%, pasando duns orzamentos de 1,2 millóns de euros no ano 2010 a 2,1 millóns de euros no ano 2011.

---

## A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO PENA VENTOSA COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- *O proxecto permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, como é a enerxía eólica, e suporá un investimento de 4,15 millóns de euros*
- *O trámite de aprobación definitiva deste proxecto sectorial supón o último paso na tramitación autonómica*
- *Deste xeito, o Goberno galego está a desenvolver a aposta pola recuperación do liderado galego no eido da enerxía eólica, que conta co impulso definitivo da resolución da convocatoria de admisión a trámite de 2.325 novos megavatios eólicos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente o proxecto reformado do modificado ao parque eólico Pena Ventosa, nos concellos lucenses do Vicedo e Ourol, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, que conta co informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

O trámite de aprobación definitiva, por parte do Consello da Xunta de Galicia, deste proxecto sectorial supón o último paso na tramitación autonómica, permitindo á empresa promotora do parque eólico solicitar a licenza municipal para o inicio das obras.

Este proxecto permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, como é a enerxía eólica, e suporá un investimento de 4,15 millóns de euros, a instalación dunha potencia de 8 megavatios e unha produción neta anual estimada de 22.553 MWh/ano.

Deste xeito, o Goberno galego está a desenvolver a aposta pola recuperación do liderado galego no eido da enerxía eólica, que ademais conta co impulso definitivo da resolución da convocatoria de admisión a trámite de 2.325 novos megavatios eólicos, ao abeiro do Plan re-Xurde 2010, como motor industrial e socioeconómico que achegará á Comunidade Autónoma 6.000 millóns de euros de investimento e permitirá a creación de preto de 14.000 novos postos de traballo.

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA O PLAN DE NEGOCIO DE *PAQUITO S.L.* CUN AVAL POR IMPORTE DE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR O MANTEMENTO DE MÁIS DE 200 POSTOS DE TRABALLO NA BARBANZA

- *A operación facilitaralle á empresa o acceso a préstamos bancarios que superan os 16 millóns de euros*
- *A empresa procesa miles de toneladas de mexillón cada ano e dá emprego a máis de duascentas persoas na comarca da Barbanza*
- *Paquito, S.L., está implantada en Chile e está presente na práctica totalidade dos mercados europeos*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Consellería de Economía e Industria a apoiar, mediante a concesión dun aval por importe de 8.123.000 euros, o plan de negocio que prevé impulsar *Paquito, S.L.*, coa finalidade de apoiar o mantemento do emprego na comarca da Barbanza.

Co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica, a empresa poderá acceder a préstamos bancarios que suman 16.660.095 euros para desenvolver o citado plan de negocio, centrado no mantemento do emprego. A empresa, asentada na comarca da Barbanza, dispón dun cadro de persoal integrado por mais de 200 traballadores.

A Xunta de Galicia valorou a importancia deste proxecto no tecido económico da comarca, que se atopa nun sector industrial de grande importancia para a zona, como é o de manipulación, transformación, preparación e distribución de produtos do mar.

Esta compañía procesa en Galicia miles de toneladas anuais de mexillón (10.407 t no 2008), que chegan á factoría en camións procedentes das rías galegas. Con máis de 50 anos de experiencia no sector de procesado e distribución de produtos do mar, a empresa desenvolve a actividade de cocción, transformación e elaboración de diferentes produtos, incluíndo a preparación de precociñados, así como a súa conxelación e comercialización.

A factoría posúe viveiros de cultivo de mexillón fondeados na Ría de Arousa e, desde 1997 participa maioritariamente en dúas sociedades que operan en Chile: Sociedad Huimar Limitada e Galaico Chilena de Pescados y Mariscos.

Ademais, a compañía ten unha forte orientación internacional e está presente en practicamente todos os mercados europeos, sendo os principais España, Francia, Italia, Portugal, Grecia, Turquía, Alemaña, Bélxica, Suíza, Reino Unido, Holanda, Dinamarca e Rusia, e ten establecidos vínculos comerciais con moitas cadeas

---

maioristas e de distribución, onde compite en prezo. Os 60% do produto comercializado vai destinado á exportación.

---

## GALICIA COMPARTIRÁ E COORDINARÁ CON OUTRAS OITO COMUNIDADES AUTÓNOMAS OS SEUS PROGRAMAS E INSTALACIÓNS XUVENÍS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración neste sentido*
- *Na iniciativa, que segue aberta á incorporación doutras comunidades, participan: Cataluña, Andalucía, A Ríoxa, Comunidade Valenciana, Aragón, Castela A Mancha, Illas Baleares e Castela e León*

Galicia compartirá e coordinará, desde este ano, os seus programas e instalacións xuvenís con outras oito comunidades autónomas. O obxectivo é mellorar a rede de servizos dirixidos á xuventude. Nesta iniciativa participan, ademais de Galicia: Cataluña, Andalucía, A Ríoxa, Comunidade Valenciana, Aragón, Castela A Mancha, Illas Baleares e Castela e León.

Para formalizar esta cooperación, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración neste sentido. O seu obxectivo é establecer o marco para a coordinación das actividades e instalacións xuvenís, aínda que quedan excluídos os albergues xuvenís xa que forman parte doutro convenio de colaboración coa Administración do Estado.

Co fin de poñer en marcha este proxecto, o convenio establece que cada comunidade autónoma elaborará unha lista de actividades e instalacións dirixidas á xuventude, que porá á disposición dos demais territorios. Este paso realizarase a través da comisión sectorial de seguimento, que establece o propio convenio.

Ademais, co fin de facilitar o proceso de derivación aos diferente servizos comúns, elaborárase un protocolo de actuación. Deste xeito, adoptarase un criterio mínimo coordinado para determinar o acceso dos usuarios a cada servizo; desenvolverase un sistema de comunicación directa entre os organismos competentes para coñecer a dispoñibilidade de prazas; e, finalmente, poderase constituír unha cota porcentual de prazas que, segundo as posibilidades de cada comunidade, reservárase para os usuarios derivados, con criterios de reciprocidade.

No seo da comisión sectorial de desenvolvemento e seguimento –que debe constituírse nun prazo máximo de dous meses desde a comunicación ás Cortes Xerais–, estableceranse as medidas axeitadas para facilitar ao resto das comunidades autónomas a información actualizada correspondente a modalidades de actividades e instalacións, número de prazas, titularidade ou medios persoais destes servizos.

---

O convenio entrará en vigor este mesmo ano e terá unha vixencia indefinida. Ademais, continuará aberto á adhesión doutras comunidades autónomas que así o desexen.

---

## O CONSELLO AUTORIZA A EXTINCIÓN DAS FUNDACIÓNS COMARCAIS EN EXECUCIÓN DO PLAN DE AVALIACIÓN DE ORGANISMOS DEPENDENTES

- *Mediante esta medida o departamento de Samuel Juárez aforrará máis de 3 millóns de euros nunha lexislatura*
- *A extinción fórmulase nunha situación actual de austeridade e ante a imposibilidade das fundacións para cumprir a súa finalidade, as tarefas vinculadas a programas europeos serán realizadas por AGADER*

De acordo coa *Lei 15/2010*, do 28 de decembro, *de medidas fiscais e administrativas*, o Consello da Xunta autorizou a extinción das fundacións para o desenvolvemento das comarcas. Deste xeito execútase o Plan de Avaliación de Organismos Dependentes da Xunta de Galicia aprobado en abril do pasado ano 2010. A medida adoptase dentro dunha situación actual de austeridade e dada a imposibilidade destas fundacións para realizar a súa finalidade.

As fundacións comarcais foron creadas no ano 1990 para lograr a aplicación do Plan Comarcal, estas tarefas poden realizarse actualmente desde outros departamentos da Xunta, sen a necesidade de ter estes organismos de dedicación exclusiva. Deste xeito, os programas europeos (LEADER e PRODER) e outras estratexias de desenvolvemento rural están sendo xestionados e coordinados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ente adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

A través do acordo do Consello da Xunta os padroados das fundacións procederán a realizar o inventario e balance da situación actual de cada Fundación, finalizarán as operacións de xestión que estaban iniciadas e cobrarán os créditos pendentes. Na actualidade existen operativas na nosa Comunidade Autónoma trinta e tres fundacións comarcais e mediante a súa supresión o departamento que dirixe Samuel Juárez aforrará máis de 3 millóns de euros nunha lexislatura.

### **Xestión responsable**

A día de hoxe, o principal financiador destes entes, e nalgúns casos o único, é a Xunta de Galicia. No actual contexto socioeconómico a Administración non pode continuar dotando de recursos as fundacións, dado que acabarían carecendo de medios materiais, técnicos e financeiros para sustentarse.

O Goberno Galego pretende con esta medida facer unha xestión responsable dos medios de que dispón a Administración, reorganizando as competencias en materia de dinamización comarcal para englobalas nas máis amplas de desenvolvemento rural.

---

## A XUNTA APROBA OS PREZOS MÁXIMOS PARA OS ARRENDAMENTOS OU CONCESIÓN DAS PARCELAS DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA

- *A Comisión Técnica de Prezos e Valores do Banco de Terras de Galicia propuxo manter en 2011 os prezos de arrendamento do pasado exercicio para facilitar a mobilización das terras e incrementar a actividade produtiva do agro*

O Consello da Xunta autorizou o proxecto de acordo da Consellería do Medio Rural polo que se aproban os prezos que servirán como valores de referencia máximos para as transaccións do Banco de Terras de Galicia para o ano 2011.

A Comisión Técnica de Prezos e Valores do Banco de Terras de Galicia –da que forman parte diversos departamentos da Xunta e na que tamén están representados a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o Catastro e as cooperativas e sindicatos agrarios– acordou por unanimidade manter o custo mínimo de arrendamento de 20 euros anuais por predio, con indiferenza da extensión superficial deste; e fixar os valores dos prezos tipo para a cesión de predios rústicos en réxime de arrendamento ou concesión mantendo os mesmos prezos que no ano 2010.

Os prezos de referencia vixentes, establecidos por hectárea e parroquia segundo a tipoloxía das terras que se arrenden, poden consultarse na páxina web do Bantegal ([www.bantegal.com](http://www.bantegal.com)).

### **Excepcións**

Nas zonas cualificadas como “zonas forraxeiras máis activas” e nas “zonas vitícolas con denominación de orixe”, manteranse para o ano 2011 os mesmos prezos do ano 2010, avaliándose a súa incidencia nos próximos anos sobre o valor de mercado.

Nas zonas de especial risco de abandono (ZERA) propónse manter os prezos de arrendamento máis baixos, aplicando o mesmo desconto do 50% que no ano 2010. Estas zonas comprenden 31 concellos, nos que se aplican coeficientes redutores dos prezos para favorecer aínda máis o acceso e o emprego das terras agrarias. Por último, para os alleamentos de predios rústicos de titularidade da Sociedade Anónima Xestora Bantegal, a Comisión Técnica de Prezos e Valores decidiu manter o mesmo sistema para a determinación dos prezos establecido para o ano 2010.

### **Informe anual**

Debido ás evidentes diferenzas nas distintas zonas de Galicia e, incluso, pola variabilidade ao longo do tempo, a Comisión Técnica de Prezos e Valores emitirá un informe anual preceptivo para a fixación, polo Consello da Xunta, dos prezos que aplicará a sociedade Bantegal no cal constará o prezo tipo que establecerá a



---

devandita sociedade nos contratos de cesións e outras transaccións determinado por zonas xeográficas en función de parámetros como produtividade, localización, configuración xeofísica e aqueloutros que tecnicamente se consideren.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA NA EGAP PARA 2011

- *Incrementa o número de prazas e de actividades formativas para este ano e aumenta as clases pola tarde, fóra do horario laboral*
- *Ten como obxectivo contribuír á mellora da calidade dos servizos públicos e aumentar a capacitación profesional dos empregados da administración*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Plan de Formación para a Administración Autonómica 2011 da Escola Galega de Administración Pública. A pesar da crise, medra o número de actividades e prazas formativas en relación cos anos anteriores, cun esforzo cualitativo e cuantitativo que se fai necesariamente con menor orzamento, o que demostra que o Goberno galego xestiona e aposta polos seus empregados públicos como motor para impulsar a nosa Administración pública e, polo tanto, a sociedade galega.

Grazas a ese esforzo organizativo e de xestión da Xunta de Galicia, o Plan de Formación da Administración Autonómica 2011 incrementa a súa oferta en case mil prazas formativas máis que o ano pasado, pasando de 13.740 en 2010 a 14.652 en 2011. Tamén se reforzan e aumentan as clases pola tarde, fóra do horario laboral dos funcionarios.

O Plan ordena en diferentes áreas as necesidades formativas do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e eríxese no marco xeral de actuación referido á mellora da cualificación e capacitación profesional. Para o seu deseño realizouse un proceso de detección de necesidades formativas, pedra angular de todo plan de formación que intenta alcanzar resultados e eficiencia.

Así mesmo, as liñas básicas de actuación comprenden o compromiso coa excelencia na calidade, tanto na área formativa, como na xestión da Escola, de acordo co modelo europeo de xestión da calidade EFQM e conforme a norma UNE-EN ISO 9001:2008. Destaca como programa especial a EGAP 2.0, que integra a apertura dos fondos documentais e de audio e vídeo da EGAP a todos os interesados en xeral e de forma gratuíta, e a continuación da aposta pola teleformación.

Este plan de formación estrutúrase en accións formativas de carácter xeral e específico, referidas todas ás seguintes áreas: dirección e xerencia pública, economía e finanzas, recursos humanos, recursos materiais e tecnolóxicos, procesos de traballo, normativa e organización autonómica, específicas do sector competencial, idiomas e coñecementos transversais.

---

Igualmente, incrementase a oferta formativa en idiomas, xa que no ano 2010, a demanda superou substancialmente á oferta formativa. Igualmente, destacan cursos sobre a calidade da redacción administrativa e técnicas para mellora, e desenvolvemento e fomento das habilidades comunicativas na Administración pública; continuando coa formación de mandos intermedios co perfeccionamento de xefes de sección e negociado.

Así mesmo, mantense o incremento, xa producido en 2009, da oferta formativa en linguaxe administrativa galega, nos seus niveis medio e superior, cun total de 33 cursos e 990 prazas. Ademais, por primeira vez, o curso de nivel medio desenvolveranse na modalidade “en liña”.

As accións formativas específicas comprenden o conxunto de actividades formativas cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo que se desempeña e que inclúen contidos basicamente sectoriais que afectan competencias específicas.

O Plan de Formación do Persoal da Administración Autonómica para o 2011 ten como obxectivo contribuír á mellora da calidade dos servizos públicos que se prestan aos cidadáns e aumentarán a capacitación profesional dos empregados da Administración, promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional; o que redundará sen dúbida no servizo á Administración galega e, polo tanto, no servizo de todos os cidadáns galegos.

## A XUNTA ELEVA A 1,5 MILLÓNS DE EUROS OS DANOS EN ESTRADAS E DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO OCASIONADOS POLAS CHUVIAS DA SEMANA PASADA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está xa a levar a cabo as labores de reparación a través dos seus servizos de conservación*
- *Augas de Galicia executou nos últimos meses traballos de limpeza, conservación e mantemento de leitos, marxes dos ríos, zonas de servidume de paso e pistas de acceso, o que minimizou ás incidencias rexistradas no dominio público hidráulico*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realizou un inventario dos danos ocasionados polas intensas chuvias rexistradas a comezos de xaneiro tanto nas estradas da rede galega como nas zonas de dominio público hidráulico. Os danos elévanse a 1,5 millóns, dos cales 1,4 foron en estradas e a parte restante en dominio hidráulico.

	Danos estradas autonómicas	Danos dominio público hidráulico	Total
A Coruña	112.530,63	0	112.530,63
Lugo	307.507,00	0	307.507,00
Ourense	100.845,16	0	100.845,16
Pontevedra	875.487,01	137.816,00	1.013.303,01
<b>SUMA</b>	<b>1.396.369,80</b>	<b>137.816,00</b>	<b>1.534.185,80</b>

As actuacións máis salientables nas estradas consisten na retirada de desprendementos, na reconstrución de muros, na reparación de mallas e limpeza de gabias e foxos, así como pequenas actuacións en muros de cachotaría. As actuacións xa se están a levar a cabo a través do servizo de conservación de estradas da Xunta de Galicia.

### Danos na Rede Autonómica de Estradas

ESTRADA	ACTUACIÓN
AG-59, AC-550, AC-537, AC-543, AC-552, AC-404, AC-432, AC-305, AC-261 e AC-242	Retirada de desprendementos en estradas
AC-550	Reconstrución de muro de perpiaño na Serra de Outes
LU-721, LU-862, LU-704, LU-636, LU-613, LU-723, CG-2.2	Sostemento de noiros ou reconstrución de muros de cachotaría
CG-2.2 e LU-536	Reparación de mallas e retirada de materiais

OU-212, OU-106, OU-536	Reconstrución de muros de cachotaría
PO-406, PO-244, PO-250, PO-400, PO-A, PO-552	Desprendemento noiros
PO-253, PO-340, PO-255, PO-415, PO-407, PO-423 e outras	Limpeza gabias e foxos
PO-551, PO-313, PO 205	Muros de cachotería
VG 4.4	Reparación paramento túnel

En canto ás incidencias rexistradas no dominio público hidráulico foron a reparación de muros, dragaxe e limpeza de pedras, limpeza de árbores nos leitos e nos paseos fluviais e algún episodio de acumulación de pedras no río. Cómpre sinalar que na zona de DPH os danos foron moi escasos grazas ao traballo anticipado que se realizou, polo que as consecuencias das chuvias foron as menores posibles dada a magnitude do fenómeno meteorolóxico.

#### Danos no dominio público hidráulico

Concello	Río	Descrición - Danos
Barro	Tributarios Areal	Reparación de muros, dragaxe e limpeza pedras
Cangas	Bouzos	Limpeza de árbores no leito, limpeza en pontón da sección, retirada arqueta de saneamento
Cangas	Orxas	Limpeza de árbores no leito e do paseo fluvial
Cuntis	Calvos	Erosión de firme sobre a gabia
Fornelos de Montes	Oitavén	Praia fluvial, muro e pasarela
Marín	Lameira	Acumulación de pedras no río
Moaña	Fraga	Limpeza de vexetación no leito do río
Soutomaior	Oitavén	Erosión de noiro e paseo peonil
Vila de Cruces	Deza	Reparación de muro e limpeza en A Carixa

Augas de Galicia executou nos últimos meses traballos de limpeza, conservación e mantemento de leitos, marxes dos ríos, zonas de servidume de paso e pistas de acceso aos ríos que facilitou o discorrer das augas, compatibilizándoo co mantemento das condicións naturais do ecosistema.

Por outro lado, na actualidade non existe constancia de solicitudes presentadas por particulares relativas a posibles axudas para paliar os danos causados pola chuvia nas súas vivendas. Así mesmo, tampouco existen incidencias de importancia nos diferentes grupos de vivendas de promoción pública titularidade do IGVS que obriguen a realizar actuacións de reparación ou mantemento, fóra das previstas.

#### Precipitacións intensas

---

Durante os días 4 e 8 de xaneiro rexistráronse en gran parte da provincia de Pontevedra varios valores acumulados que superaron os 190l/m<sup>2</sup>, onde por exemplo en Fornelos de Montes se rexistrou un valor acumulado de 408 l/m<sup>2</sup>, en Cuntis 310 l/m<sup>2</sup>, en Pontevedra 279 l/m<sup>2</sup>, valores que igualan e nalgúns casos son case o dobre que os valores climáticos para o total acumulado na totalidade do mes de xaneiro.

Excepto o día 6 de xaneiro, no que se superou o limiar de alerta laranxa nalgunhas zonas, o destacable do que sucedeu neste período foi que durante cinco días consecutivos rexistráronse chuvias diarias que acadaron o limiar da alerta amarela (40-80 l/m<sup>2</sup> en 12 horas) e que puntualmente acadaron os limiares da alerta laranxa (80-120 l/m<sup>2</sup> en 12 horas).

Ao estudar os valores históricos de precipitación rexistrada durante 5 días consecutivos haise, que remontar a decembro do ano 1989 onde se rexistraron en Fornelos de Montes precipitacións do orde de 390 l/m<sup>2</sup> e en Lourizán a orde de 250 l/m<sup>2</sup>.

---

## A ENTRADA EN FUNCIONAMENTO AO 100% DO CATÁLOGO PRIORIZADO DE MEDICAMENTOS PERMITIRÁ UN AFORRO DE 300.000 EUROS AO DÍA, SÓ COS 34 PRINCIPIOS ACTIVOS INCLUÍDOS NA SÚA PRIMEIRA FASE

- *A súa implantación está a realizarse con total normalidade*
- *Permite mellorar a eficiencia do gasto farmacéutico do Servizo Galego de Saúde sen afectar a calidade da asistencia sanitaria que reciben os cidadáns*
- *O Catálogo garante a cobertura de todos os principios activos, polo que os galegos teñen á súa disposición os mesmos medicamentos que o resto de España*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe do desenvolvemento da implantación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia, que está a realizarse con total normalidade.

Desde o 3 de xaneiro, o Catálogo ten efecto para receitas e tratamentos novos, e a partir do próximo día 17 quedará aplicado de forma xeral a todos os tratamentos actualmente vixentes.

A partir desde momento, cando estea en funcionamento ao 100%, o Catálogo permitirá un aforro diario de 300.000 euros só cos 34 principios activos que forman a súa primeira fase. Unha vez que estea plenamente implantado, a media de dispensacións de fármacos incluídos nel será de 40.000 ao día.

A aplicación do Catálogo permite mellorar a eficiencia do gasto farmacéutico do Servizo Galego de Saúde sen afectar a calidade da asistencia sanitaria que reciben os cidadáns. Así, garante a cobertura de todos os principios activos, polo que todos os galegos teñen á súa disposición os mesmos medicamentos que o resto de España.

Polo tanto, os datos confirman a implicación de todos os profesionais sanitarios de Galicia, os farmacéuticos e a cidadanía e, neste senso, desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde agrádese a todos eles o rigor e responsabilidade coa que están a traballar na implantación do Catálogo.

### **Mesma eficacia, seguridade e calidade**

O Catálogo ten como obxectivo o financiamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do Nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo Ministerio. Nel seleccionáronse algúns dos fármacos recollidos nun mesmo conxunto de intercambio, entendendo como tal o conxunto dos que teñen o mesmo principio activo, a mesma dose, a mesma presentación e igual número de unidades por envase. Estes medicamentos do conxunto de intercambio posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade e considéranse intercambiabes entre si.

---

O criterio aplicado para levar a cabo esta selección de fármacos é o do prezo menor - establecido periodicamente polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade- para cada medicamento no conxunto de intercambio, coas premisas de asegurar o abastecemento e de evitar situacións de perturbación do mercado.

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario e un dos que máis comprometen a sustentabilidade futura dos sistemas sanitarios, polo que a implantación do Catálogo priorizado axudará no obxectivo de diminuílo.

Así mesmo, na medida en que a situación económica o permita, a Xunta de Galicia reinvestirá os aforros derivados das medidas previstas na lei na mellora do sistema sanitario público, especialmente na atención primaria.



---

## SANIDADE DESTACA QUE A EVOLUCIÓN DA GRIPE É A NORMAL PARA ESTA ÉPOCA E SIMILAR A ANOS ANTERIORES

- *A súa sintomatoloxía é leve e na maior parte dos casos cura na casa, con repouso, boa hidratación e os antigripais de sempre*
- *Foi a semana pasada cando se rexistrou o maior número de casos, mentres que esta a tendencia é máis moderada e a próxima semana prevese que a incidencia poida empezar xa a diminuír*
- *A intensidade acadada pola gripe este ano resulta similar á da tempada 2008-2009 e é, en todo caso, moi inferior á do ano pasado*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, deu conta aos membros do Consello da Xunta da incidencia da gripe en Galicia. Neste sentido, indicou que esta doenza está a ter este ano unha evolución similar a anos anteriores e que, en xeral, a súa sintomatoloxía é leve.

Segundo os servizos epidemiolóxicos da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, e atendendo á monitorización realizada pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, na semana epidemiolóxica 01/2011 –a correspondente á primeira semana do ano, entre os días 2 e 8 de xaneiro- o número de chamadas rexistradas por gripe e infeccións respiratorias agudas (IRA) presentou un leve aumento que leva a concluír que podería corresponderse co pico de gripe de todos os anos.

Polo tanto, segundo informou a conselleira, foi a semana pasada cando se rexistrou o maior número de casos, mentres que xa se está a detectar que esta tendencia é máis moderada e sería previsible que a incidencia poida comezar a diminuír a próxima semana.

Cómpre salientar que a intensidade acadada pola gripe este ano resulta similar á da tempada 2008-2009 e é, en todo caso, moi inferior á do ano pasado.

Segundo amosan os modelos de seguimento do andazo este ano, o virus estase a desprazar de oeste a leste en todo o territorio español. Así, no caso de Galicia xa se está a superar o pico de máxima incidencia, mentres que noutras comunidades autónomas -como Valencia- aínda está empezando agora a difusión da enfermidade.

Os virus da gripe que máis están circulando este outono son, como era previsible, os que se incorporaron na vacina estacional e que son gripes con sintomatoloxía leve.

---

Na meirande parte dos casos é recomendable curar a gripe na casa, con repouso, boa hidratación e os antigripais de sempre. Só en determinadas circunstancias, cando existen factores de risco, pode requirir asistencia médica, que se presta con total normalidade nos centros de atención primaria e nos puntos de atención continuada.

---

## A XUNTA DE GALICIA INGRESARÁ NO 2011 UN 60% MÁIS QUE NO 2010 GRAZAS ÁS NOVAS TARIFAS NEGOCIADAS CON MUFACE, MUXEXU E ISFAS AO SERGAS

- *Este novo acordo acadado polo departamento que dirixe Pilar Farjas sitúa as tarifas en Galicia ao mesmo nivel que Cataluña ou Andalucía, corrixindo un déficit tarifario historicamente admitido*
- *A repercusión económica é moi importante, xa que supón que o Goberno autonómico ingresará preto de 900.000 euros máis ao ano, que poderá destinar á mellora dos servizos sanitarios públicos*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade no que se da conta do novo acordo de prórroga e actualización para o ano 2011 do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e as Mutualidades (MUFACE, MUXEXU e ISFAS), para prestar asistencia sanitaria en zonas rurais. O número de beneficiarios deste acordo é de ao redor duns 24.000 mutualistas.

Este novo acordo sitúa as tarifas en Galicia ao mesmo nivel que noutras comunidades autónomas como Cataluña ou Andalucía, corrixindo un déficit tarifario historicamente admitido e que non respondía a principios obxectivos, por canto a dispersión e a estrutura de idade en Galicia xustifican o mesmo nivel de tarifa. Así o entende a Consellería de Sanidade e así se demandou ás mutualidades que, finalmente, aceptaron a proposta.

A repercusión deste novo acordo acadado pola Consellería de Sanidade é moi importante, posto que a Xunta de Galicia ingresará, aproximadamente, 900.000 euros máis ao ano, o que supón un 60,81% máis que o ingresado no 2010 no marco deste acordo (1.432.815 euros ingresados no pasado ano, que, coas novas tarifas acadadas, serán 2.304.079 euros no 2011).

Entre os principais puntos destacados do informe cómpre subliñar o aumento das tarifas que deben aboar ao Servizo Galego de Saúde as anteditas mutualidades, pola asistencia sanitaria recibida aos mutualistas e os seus beneficiarios en zonas rurais de menos de 20.000 habitantes, nas que as entidades aseguradoras privadas non contan con medios para poder levar a cabo a asistencia de atención primaria ordinaria e de urxencia.

Na negociación coas entidades acordouse un incremento das tarifas e, polo tanto, de ingresos, respecto ao acordo anterior.

---

Coa aplicación da nova distribución tarifaria, máis ampla, acádase, con respecto ao actual importe recibido por parte do Sergas, unha cantidade de case que 900.000 euros máis a ingresar nas arcas da Xunta de Galicia, concretamente 871.263,96 euros, o que posibilitará que estes cartos poidan ser destinados á mellora dos servizos sanitarios públicos.

Así mesmo, cómpre subliñar que, coa fin de equilibrar as desigualdades producidas pola evolución da pirámide de idade do colectivo protexido e compensar a maior utilización dos servizos sanitarios polos asegurados de maior idade, fixéronse importes distribuídos por tramos de idade. Incorpórase, por tanto, este novo concepto, para o criterio de cálculo dos prezos do convenio.